

No outono de 1990 a Asociación de Actores Directores e Técnicos de Escena de Galicia aprobaba e presentaba un documento que titulaba *Necesidade dunha política teatral*, no que se recollían moitas das reflexións e propostas da década anterior, que comezaba en 1978 coa presentación das primeiras compañías profesionais e que finalizaba coa celebración en Ferrol do "Primeiro Encontro do Teatro Profesional Galego" en xuño de 1988.

Anos despois daquela data significativa e logo dunha nova xeira de encontros, debates, seminarios, mesas redondas, estudos, e da edición de novos documentos de traballo, podemos afirmar que se ben a situación ten mellorado no aspecto cuantitativo, as deficiencias a nivel cualitativo seguen sendo as mesmas, como mostra que os elementos máis substanciais daquel programa sigan a ser hoxe os atrancos que máis dificultan o inicio dunha nova xeira de desenvolvemento para o teatro galego.

Nos últimos anos desde varios sectores vense sinalando o remate dun ciclo a e necesidade de establecer un novo marco de relacións teatrais; unha nova maneira de entender a produción e a realización, de practicar a distribución e a exhibición, de fomentar a recepción e a creación de novos públicos. Un marco, en suma, que permita a posta en marcha dunha serie de medidas estruturais que vertebrén e contribúan a crear tecido teatral e a establecer unha relación máis dinámica e enriquecedora entre creadores e espectadores. Galicia precisa dunha política teatral que, participada por todos os axentes sociais, permita converter o teatro nun dos feitos centrais na vida social e cultural da nosa comunidade, nas cidades, barrios, vilas e aldeas. Galicia demanda arestora un proxecto teatral para unha comunidade que ten na pluralidade e na diversidade un dos seus máis sólidos valores, e que sexa asumido polo goberno autonómico como un sector estratéxico formando parte da cultura galega.

A partir destas consideracións, a Academia Galega de Teatro, constituída coa finalidade de debater e facer chegar á sociedade e ás institucións os problemas da vida escénica galega, quere facer público este Programa Básico para o Teatro Galego:

1.- Ampliación, tanto cualitativa como cuantitativamente, do apoio institucional ás compañías profesionais de teatro co obxectivo de consolidar empresas teatrais sólidas que poidan afrontar con medios e recursos suficientes e dende a iniciativa privada a produción, distribución e exhibición de espectáculos teatrais.

2.- Adscrición da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia á Universidade. Implantación progresiva das ensinanzas teatrais nos diferentes niveis do sistema educativo, tanto nos regulados pola Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo coma na Universidade. Promoción de Escolas Municipais e/ou Comarcais de Teatro.

3.- Creación de compañías residentes nos teatros de titularidade pública das principais cidades galegas, con competencia para producir espectáculos e programar un espazo escénico específico, desde o que establecer intercambios e todo tipo de colaboracións con outras compañías e explorar novas posibilidades de exhibición, coa finalidade de establecer unha nova e máis rica relación entre o teatro e o seu entorno social.

4.- Reestruturación ou mesmo reconsideración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) coa creación dun Departamento de Teatro que recupere o valor do teatro como arte e cultura por riba do concepto de industria e que funcione con autonomía orzamentaria, de xestión, de programación e de contratación, situando a súa fronte a persoas cos coñecementos e coa competencia profesional necesaria para deseñar, poñer en marcha e coordinar proxectos de fomento e regularización do Teatro. Este departamento contemplará a posibilidade de creación de novas unidades de produción teatral para responder á diversidade creativa en todos os ámbitos e coordinará as diferentes administracións e a outras entidades e organismos co obxectivo de establecer programas, proxectos e iniciativas comúns para o desenvolvemento do teatro en Galicia, así como o seu espallamento e divulgación máis aló das nosas fronteiras.

5.- Creación do Centro de Documentación Teatral como espazo para salvagardar a memoria do teatro galego e promover o seu coñecemento e divulgación.

6.- Dotar ao Centro Dramático Galego da autonomía xurídica necesaria para producir os seus espectáculos e xestionar as súas actividades, e dotalo dos medios necesarios e das infraestruturas precisas para un adecuado desenvolvemento das súas funcións e actividades cumprindo cos seus naturais obxectivos.

7.- Inclusión da actividade teatral galega nos grandes proxectos institucionais de carácter cultural, considerando imprescindible que na Cidade da Cultura teña presenza destacada a creatividade teatral galega tanto a nivel das programacións como, e sobre todo, a nivel da construción e da utilización das infraestruturas.

8.- Establecer novos modelos de exhibición e distribución que garantan unha presenza máis prolongada dos espectáculos teatrais nos seus espazos naturais de existencia: os teatros.

9.- Redefinición e mellora da Rede Galega de Teatros e Auditorios promovendo a incorporación significativa de novos puntos de representación, aumentando o número de días de permanencia dos espectáculos en cada praza e estendendo a súa actividade a todos os meses do ano, mellorando substancialmente as súas infraestruturas, equipamentos e recursos.

10.- Posta en marcha dun novo modelo de relación entre a administración e as compañías teatrais que contemple a realización de proxectos puntuais, anuais e plurianuais en función dos obxectivos e da finalidade de cada proxecto teatral concreto e co obxectivo de potenciar a estabilidade no tecido produtivo.

11.- Implicación decidida das entidades privadas e semi-públicas e das fundacións, na promoción e difusión do teatro galego dentro das competencias que lles son propias. Reclamación dunha lei de mecenado que facilite a implicación destas entidades no fomento da dramaturxia, na promoción e difusión do teatro e no financiamento e patrocinio de proxectos escénicos.

12.- Creación dun mapa de mostras e festivais, considerando os existentes e establecendo novos

obxectivos. Posta en marcha dun Festival Internacional de Teatro na algunha das cidades galegas.

13.- Creación dun circuíto de exhibición entre as cidades do Eixo Atlántico que permita e potencie o intercambio de producións teatrais entre Galicia e Portugal.

14.- Promoción dos espazos alternativos de exhibición e das compañías que os promoven para fomentar a diversidade na produción e atender as demandas dos diferentes públicos.

15.- Estimulación da escrita dramática en galego e promoción da súa difusión editorial e escénica así como potenciación da lectura nos centros de ensino e nas bibliotecas.

16.- Deseño e a posta en marcha desde as entidades competentes de campañas de promoción, de información, de divulgación e de formación e captación de novos públicos.

17.- Cumprimento por parte dos medios audiovisuais de titularidade pública (Radio Nacional, Radio Galega, TVE e Televisión de Galicia) das funcións que lles son propias con respecto á consolidación do teatro en Galicia, creando espazos específicos e permanentes de información, divulgación e exhibición da actividade teatral.

18.- Establecemento de acordos e convenios específicos cos medios de comunicación para potenciar a presenza do teatro galego nos mesmos.

19.- Fomento da investigación teatral na Universidade e nas diversas institucións culturais, quer da orientada á realización de estudos teóricos, quer da dirixida á experimentación e á investigación das diversas tendencias e correntes escénicas.

20.- Promoción do teatro para a infancia, a mocidade e os maiores, do teatro de títeres, do teatro de rúa e doutras manifestacións teatrais ou performativas.

21.- Fomento do teatro afeccionado, do teatro escolar e doutros tipos de práctica teatral non profesional.

**agt**

Academia Galega de Teatro

**TENDO  
PRESENTE  
O  
FUTURO**

**UN PROGRAMA BÁSICO  
PARA  
O TEATRO GALEGO**

[academiagalegadeteatro@gmail.com](mailto:academiagalegadeteatro@gmail.com)

N.I.F. G70539747

Rúa Álvaro Cebreiro, 15 - 1º  
15003 A CORUNA